Pyrgus observou o vello revoando polo faiado coma unha cascuda reseca, e tentou calcular canto tempo lle quedaba. Parecíalle incrible que ninguén o rexistrase. Os gardas estiveran demasiado ocupados mallando nel. (…) En resumo, Pyrgus estaba a cortar en silencio as súas ataduras coa coiteliña que sacara do peto da perneira do pantalón. Non estaba moi afiada, pero serviría, sempre que tivese tempo abondo. (…) Se conseguía cortar as cordas a tempo, estaba seguro de que podería escapar. Brimstone víase tan mirrado que parecía que levase varios anos morto. E aínda que semellaba bastante áxil para ser un vellouco, porén era feble. Pyrgus calculou que podía correr máis ca el e que probablemente lle arrebataría o coitelo sen moita dificultade, pero só se tiña as mans e os pés libres. Mentres non fose así, estaba indefenso.

Herbie Brennan (2005), *O portal dos elfos*

1. Describe en poucas liñas a situación que se presenta no texto.

2. Localiza no texto as seguintes unidades sintácticas, se as hai:

- Cláusula simple:
- Cláusula subordinada substantiva:
- Cláusula subordinada adxectiva:
- Cláusula subordinada adverbial de tempo:
- Oración bipolar adversativa:
- Oración bipolar concesiva:
- Oración bipolar condicional:
- Oración bipolar comparativa:
- Oración coordinada copulativa:

3. Repara nas comparacións do texto. Cal é o seu nexo? Pódense empregar outros no seu mesmo lugar? Por que?

4. Analiza sintacticamente: *Parecíalle incrible que ninguén o rexistrase.*

5. Analiza sintacticamente: *Brimstone víase tan mirrado que parecía que levase varios anos morto*

6. Busca e clasifica os *que* do texto segundo sexan pronomes ou conxuncións e indica o seu tipo.

7. Indica un sinónimo de:

Faiado:
Abondo:
Atadura:
Mirrado:

Indefenso:

8. Indica un antónimo de:

Reseca:
Morto:
Áxil:
Vellouco:
Feble:

9. Busca as palabras do texto que pertencen ó campo semántico das partes do corpo e engade outras cinco.